

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMUN DE ATIOS, CELEBRADA O DIA NOVE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO (09-11-2024)

Asistencia dos/as membros da xunta reitora da CMVMC de Atios:

Presidente: Juan José Pereira Pereira

Xunta Reitora:

Santiago Ramilo Rodríguez

David Estévez Martínez

Ramón Giráldez Varela

Juan José Domínguez Pereira

José Ramón Pérez Solleiro

Manuel Veiga Maceira

Miguel Maceira Maqueira

Ceferino Pereira Ambrosio

Rubén Mera Varela

Francisco Javier Hernández Santos

José Carlos Alonso Rodríguez

José Manuel Figueroa Villaverde

Actúa como secretaria: M^a del Carmen Pereira Pereira

Apertura da sesión. Na parroquia de Atios, sendo as vinte horas e quince minutos (20:15) do nove de novembro de dous mil vinte e catro (09-11-2024), réunese no Salón do Centro Social e Cultural en segunda convocatoria, non facéndoo na primeira por non reunir o quórum esixido polos Estatutos, baixo a Presidencia de Juan José Pereira Pereira e coa asistencia dos demais membros da Xunta Reitora, coa única e exclusiva finalidade de celebrar a Asemblea Xeral Ordinaria para a que previa e regulamentariamente foron convocados de conformidade cos Estatutos da Comunidade.

Asistencia. Concorren á presente os/as señores/as membros que legalmente compoñen esta Comunidade e que previamente realizado o reconto de asistencias desglosase como segue:

Número de comuneiros/as activos/as ó comezo da Asemblea: **277**

Número de asistencias de comuneiros/as á Asemblea: **124**

Número de ausencias de comuneiros/as á Asemblea: **153**

Número de ausencias de comuneiros/as á Asemblea con xustificación: **0**

Número de altas: **1**

Número de baixas: **4**

Número de comuneiros/as activos/as ó remate da Asemblea: **274**

Adxúntase á presente acta a lista de comuneiros/as.

ORDE DO DÍA.

1. Lectura da acta anterior.
2. Arrendamento dunha parcela comunal do Monte Pereiro.
3. Arrendamento dunha parcela comunal do Monte Carrascal e Laxedo.
4. Informes
5. Altas e baixas
6. Rogos e preguntas.

1. LECTURA DA ACTA ANTERIOR.

A secretaria procede a lectura da acta da asemblea anterior celebrada o día 6 de abril de 2024. Rematada a lectura non se producen intervencións. É sometida a votación co seguinte resultado: **0 votos en contra, 0 abstencións, queda aprobada por unanimidade.**

2. ARRENDAMENTO DUNHA PARCELA COMUNAL DO MONTE PEREIRO.

Trátase do terreo que queda dentro da parcela comunal en Cataboi que non estaba sendo ocupada pola pista de karts, campo de fútbol incluído. Cunha superficie aproximada de 33.000 m². A proposta do actual arrendatario da pista de karts é ampliar a pista, aumentar a zona de padock e mellorar as instalacións co obxectivo de acoller campionatos a nivel nacional. Solicitouse licenza de peche contra o camiño que sube cara ó polígono. A comunidade colabora nas obras do muro, achegando a base de pedra sobre a que se coloca a reixa. Debemos recoñecer o importante traballo de saneamento e acondicionamento do terreo realizado polo actual inquilino para poñer en valor a parcela.

A proposta de condicións para o arrendamento serían as seguintes:

- canon 0,60€/m². Incremento IPC anual.
- En canto á duración do contrato, a lei permite un **máximo de 11 anos nos arrendamentos** de monte comunal. Cabe a posibilidade de facer unha cesión de uso por prazo de 30 anos, pero require o informe favorable de Medio Rural. Os inquilinos solicitan o máximo de duración para amortizar o grande investimento que se vai realizar na parcela.
- 1 ano de carencia (coa flexibilidade de ampliar atendendo a demoras nas obras por circunstancias climatolóxicas non favorables)
- Compromiso por parte dos inquilinos de reparar a cuberta da grada do vello campo de fútbol, que está bastante deteriorada.

Varios comuneiros (Serafín Dávila, Juan Manuel Rodríguez, etc.) expoñen que 30 anos é un prazo moi longo para a cesión desa parcela, actualmente clasificada como zona deportiva no plan de urbanismo. Logo dun interesante debate, o presidente somete a votación as condicións definitivas para o contrato:

- **Canon de 60 céntimos /m²**, con aplicación do ipc anual
- **11 anos de duración.** Establecese unha cláusula mediante a cal, cando remate o vixente contrato, os actuais inquilinos terán preferencia na sinatura dun novo contrato.
- **1 ano de carencia**
- **O inquilino reparará a cuberta** da grada do campo de fútbol.

Sométense á votación as condicións de arrendamento e obtense o seguinte resultado: **0 votos en contra, 0 abstencións, quedan aprobadas por unanimidade.**

3. ARRENDAMENTO DUNHA PARCELA COMUNAL DO MONTE CARRASCAL E LAXEDO.

Trátase da parcela de titularidade comunal situada no polígono industrial, próxima ao aserradeiro de Santa Fe, na zona de Escarabilleira. A empresa Construcciones Fечи está interesada en seguir co arrendamento da parcela, que xa ocupara durante un ano (fora aprobada en asemblea a cesión en precario, polo prezo de 1 euro/m² para acopio de material).

A parcela ten unha parte industrial (2.470 m²) e outra parte rústica (7.646 m²). Dada a circunstancia urbanística o que lle plantexamos é aplicar dous tipos diferenciados de canon: un para solo rústico e outro para o industrial. Deixamos un camiño de oito metros de ancho para acceso ás parcelas lindadeiras e tendo en conta as futuras cesións cando se peche do recinto.

As instalacións que alí se fagan quedarán en beneficio da comunidade unha vez remate o contrato.

A proposta de condicións de arrendamento son as seguintes:

- **zona rústica a 1,5€/m²**
- **zona industrial a 3€/m²**

- aplicación do IPC anual
- duración de 11 anos
- 6 meses de carencia, prazo para o acondicionamento da parcela.

Sométense á votación estas condicións e obtense o seguinte resultado: **0 votos en contra, 0 abstencións, quedan aprobadas por unanimidade.**

4 INFORMES.

Débeda do concello.

No mes de setembro do ano pasado a xuíza do xulgado nº 3 do Porriño ditou un auto no que se recoñecía de xeito firme que o concello lle debía unha cantidade de diñeiro á comunidade de montes de Atios, en concepto dos arrendamentos percibidos desde que houbo unha sentenza de primeira instancia, o 28 de febreiro de 2018. Dende esa data o concello deixou de ser ocupante de boa fe, porque xa había unha sentenza que dicía que ese terreo era comunal. Xa que logo, seguiu cobrando os arrendamentos sabendo que o terreo, obxecto dun litixio aínda inconcluso, non era seu.

No mesmo auto a xuíza pídelle ao concello que informe das cantidades percibidas das canteiras dende a sentenza de primeira instancia. O concello presenta unha folla de excel moi confusa, con cantidades pouco claras, na que mestura todo tipo de arrendamentos municipais. Dende a comunidade o que fixemos foi debullar eses datos e axustalos ao que pedía a xuíza no seu auto. Feito ese traballo de filtrado obtemos unha cantidade concreta e real, relativa ao que o concello lle debe a comunidade de montes de Atios. Pediremos tamén os intereses.

Pero non queremos desvelar a cifra, porque o procedemento aínda está aberto e non queremos especular con cantidades que puideran variar cando remate todo o proceso. É moi probable que despois dese auto o concello volva presentar calquera tipo de alegación, opoñéndose á cantidade que nós presentamos, etc.

E para complicalos todo aínda máis, infórmanos que no mes de xuño o xulgado nº 3 cambiou de titular e daquela non nos queda outra que seguir agardando. Todo vai depender de como e cando actúe a nova xuíza.

Canteira Arcace.

Tal como se recolle na acta da anterior asemblea anterior, o propietario da explotación de Arcace, Manuel Alfonso Carrera Lorenzo, a quen todos coñecemos como Instalauto, foi o único titular dunha canteira en Atios que non asinou o contrato de arrendamento coa comunidade. Feito que motivou estudar a presentación dunha demanda de desfuzamento, tal como foi aprobado por esta asemblea. Agardamos a iniciar ese proceso porque se puxo en contacto con nós unha empresa que estaba en negociacións con Instalauto e que quería seguir adiante coa explotación. Xa tiña un acordo con el para asinar no notario, pero de súpeto houbo un cambio de opinión por parte de Manuel Alfonso Carrera –persoa que a nós nos ten demostrado xa abondo que non é de fiar- e a empresa interesada na adquisición da canteira díxonos que supendía as negociacións. Foi daquela cando decidimos iniciar sen máis demora o preito para desafuzalo.

Cabe aclarar que do resto das explotacións xa están todas con contrato a excepción de dúas parcelas (a 18 e a 20), titularidade directa de Pocasa, que deixamos á marxe porque non había ningunha empresa interesada en explotalas. Temos entendido que José Antonio Lemos podería ser quen as collese. En canto ese cambio na concesión sexa oficial, contactaremos para formalizar o contrato. O canon sería de 0,20 porque están paralizadas por indicación da autoridade mineira. Entre as dúas parcelas suman arredor de 30.000 m2.

Parque forestal

É unha petición que se reitera case en cada asemblea, instando á comunidade a tomar posesión e actuar nos terreos da zona do Carballo que xa son dos veciños da parroquia. Hai parcelas que foron compradas por terceiros e adquiridas pola comunidade mediante permuta, se ben é certo que moitas están aínda sen formalizar.

Contactamos con Adoa para que nos fixera unha proposta do que podería ser un parque forestal nos terreos do Pumariño, ente o campo de fútbol, o río e a presa. Plantéxannos actuar por zonas:

Zona 1 – Aparcadoiro-asadeiros-mesas

Zona 2 - Bosque autóctono.

Zona 3 - Fluvial coa eliminación da construción de formigón. Pontes.

Zona 4 - Sendeiro

Zona 5 -Froiteiras e arbustos de uso medicinal. Hortas. Xardín con plantas aromáticas, etc.

É un primeiro bosqueiro do que aí se pode facer.

Sobre o tema das permutas cómpre aclarar que a lei só lle permite a unha comunidade de montes permutar terreos que sexan lindeiros con monte comunal. Nesa zona non somos aínda titulares legais de ningunha parcela. Así que temos que adquirir polo menos unha para poñela a noso nome. Máis adiante podemos avanzar na adquisición de máis terreos mediante permutas.

Hai un empresario que linda co monte comunal de Rape, ao que non lle recoñeceron a alegación que presentou no procedemento do deslinde pero que está interesado en adquirir o monte comunal. Este home comprou no seu día dúas fincas no Carballo. Di estar disposto a non preitear polo monte se podemos permutarlle esas parcelas. Estudáremolo. Hai outros empresarios dispostos tamén a permutar terreos.

Serafín Dávila intervéñ para dicir que hai que centrarse nas fincas que aínda están sen comprar. E que se poden facer contratos de compravenda privados e logo permutar.

O presidente comprométese a crear un grupo de traballo centrado nesta cuestión, para o que seguramente se precise a colaboración dalgún comuneiro para avanzar coas permutas.

Corta no Roupeiro

A corta de eucalipto e piñeiro que se iniciou este verán no Roupeiro tivo que suspenderse polo mal tempo. Saíron varias toneladas de eucalipto pero queda aínda moita madeira por sacar. Nese rodal hai varios encravados de particulares. A comunidade permite que, naqueles casos en que tras o deslinde as parcelas quedaron como comunais, sexan os particulares os que vendan a madeira. Así que a comunidade púxoos en contacto co madeireiro para que firmaran eles directamente a venda da súa parte.

A corta deixou ao descuberto un grande vertido de neumáticos preto da canteira de David e varias mangueras de traída no regato de Brais. É evidente que os traballos de corta, con maquinaria pesada e máxime nunha zona tan delicada, causan estragos indesexados. A intención da comunidade é limpar onde xa se cortou, rexenerar por completo a zona e plantar outro tipo de árbores, frondosas e froiteiras principalmente.

Obra do Carbón.

Aínda que alguén poida pensar que non se fai o suficiente, o certo é que sí se actúa e se fan moitas cousas no monte. E damos conta delas nas asembleas, como por exemplo a obra do parque do Carbón, que xa está rematada. Arranxáronse as porterías, colocáronse as canastas, unhas mesas e o parque de xogos infantís. Limpouse toda a zona e plataremos algunha árbore máis. Retiraremos algunha que está danando o muro. Agora só falta por unha varanda de madeira.

É unha obra demandada polos veciños e que foi promovida e financiada íntegramente pola comunidade de montes, do mesmo xeito que o parque de Vilafría. Así se di nas placas que instalamos nos dous sitios.

Canteira de Ferro

A canteira foi restaurada pero a reforestación non se cumpriu tal como se contemplaba no proxecto. Fixéronse dúas ou tres plantacións de piñeiro e ningunha foi adiante, agás algúns pés soltos. Presentamos un escrito no Servizo de Minas para que antes de que se caduque a concesión, o titular, é dicir, Pocasa, volva plantar e deixe o terreo reforestado.

Traballos no monte

Aproveitando que se fixo a corta no Roupeiro, os traballadores da comunidade estiveron limpando a zona do camiño onde estaba a traída do Guanabara. Fixeron unha roza nunha zona moi difícil traballar, iso estaba como unha selva e de cara a festa do ano que ben volveremos darlle un repaso. Tras o deslinde esa zona quedou como monte comunal. Os afectados presentaron unha demanda no contencioso e perderon, así que son, a todos os efectos, terreos veciñais.

Obra do Roupeiro

Había unha partida nos orzamentos para facer obras de acondicionamento do recinto. Cortaronse unhas árbores. Arranxáronse as saídas das augas dos baños, que se conduciron para o colector de saneamento municipal.

Vanse recolocar as mesas e tamén está previsto actuar no torreiro, estamos barallando se renovar o pavimento con cemento ou asfalto, que sae máis económico que o formigón. Colocaremos un bordillo de cemento en todo o perímetro e abriremos unha nova entrada no lateral do torreiro.

Colocación dos mollóns

Imos por fin colocar os marcos. Contratamos a un topógrafo que nos marcasse os puntos que se levantaron durante o deslinde. O primeiro será o que marca a estrema con Cans. Ademais de con Cans, tamén falamos coa Picoña e con Couso, para respetar os piquetes acordados no seu día. Ao longo do linde entre os municipios do Porriño con Salceda e Pontearreas, que se levou a cabo en plena guerra civil, no ano 1938, hai cruces gravadas na pedra e incluso mollóns antigos que imos conservar. O garda de Couso comentou que tódolos anos fan visita cos comuneiros e comuneiras, sobre todo coa xente moza, para coñecer os marcos do seu monte comunal, para que non se esquezan. Recollemos a idea, porque é importante que todos coñezamos os lindes do monte comunal.

Limpezas-rozas.

O noso persoal leva a cabo todos os anos un intenso labor de limpeza no monte. Desta volta actuouse arredor dunha casa próxima á canteira de Vilafría. Tamén se limpou na astilladora e na parte da torre eléctrica. No futuro trataremos de reforestar a zona do aparcadoiro.

Tamén se limpou na pista do penedo da visera e na Pedra Loureira. Aquí houbo que contratar unha empresa porque hai traballos como eliminar a acacia que non podemos abordar con medios propios. Case todo o presuposto que tiñamos para traballos no monte foi para aí. Eran casi 12 has de terreo.

Convenio con Ence

Nos rodais conveniados con Ence -que son aqueles que están máis próximos as canteiras e que nós non podíamos xestionar, unhas 30 has de terreo- empezaron os traballos de roza e monda e saíu moita madeira. Esta madeira está a disposición dos veciños, pero dun xeito ordenado: hai que poñerse en contacto cos traballadores para solicitala.

Arranxo de pistas

A Consellería de Medio Rural incluiu no plan de melloras de infraestruturas forestais, a reparación da pista que vai dende o Faro ao Castelo. Asumiun todo o custo da obra. Limpáronse as taxearas, as cunetas e a pista quedou en boas condicións. É bo que se saiba porque foi froito do convenio coa consellería e a comunidade non asume ningún gasto.

Xornadas micolóxicas

Celebraránse para a semana, venres 15 co alumnado do colexio e o domingo 17 saída ao monte e posterior degustación no centro cultural. Informaremos no whastapp e web da comunidade.

5. ALTAS E BAIXAS

Altas.

Nº 0571_Fabián Novás Oya_DNI_76903286A

Baixas por defunción

Nº 0115_Jesús Maceira Rodríguez_DNI_35547961N

Nº 0218_Antonio Ucha Giráldez_DNI_35544702L

Nº 0371_Serafín Ramilo Rodríguez_DNI_35547746G

Nº 0529_Pablo Lemos Pereira_DNI_35552538N

8. ROGOS E PREGUNTAS

Non se producen

Non habendo máis intervencións o presidente da por concluída a asemblea ordinaria sendo as vinte e dúas horas e vinte minutos (22:20) do 9 de novembro de 2024. De todo o cal eu, como secretaria, dou fe.

Vº e praxe do Presidente
Asdo. Juan José Pereira Pereira

A secretaria
Asdo. Mª del Carmen Pereira Pereira